



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso monográfico sobre A Lei de contratos do sector público para os poderes adxudicadores non Administración pública (PANAP)

**CONVOCATORIA:** Curso monográfico A lei de contratos do sector público...PANAP

**GRUPO:** Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	20
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU CI	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2018
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	C.MONOGRÁFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 24/11/2018 - 08:00h ao 03/12/2018 - 23:55h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRIPCIÓN CURSO

O pasado 9 de novembro publicouse no BOE a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Ademais da transposición das citadas directivas, a lei establece un novo marco regulador do sistema de contratación pública, con vocación de ser máis eficiente, transparente e íntegro, e mellorar as condicións de acceso ao devandito sistema facilitando, en particular, a participación das Pemes.

Coa realización deste curso perséguese os obxectivos de analizar as principais modificacións introducidas pola lei, en especial aquelas que afectan á contratación no ámbito dos PANAP (poderes adxudicadores non Administración pública), e propiciar o debate ao redor daqueles aspectos máis innovadores e relevantes desde o punto de vista xurídico e da xestión.

### DESTINATARIOS

O curso diríxese a responsables e xestores/as de contratación das entidades instrumentais descritas no artigo 3.1.b) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia: fundacións públicas autonómicas e sociedades mercantís públicas autonómicas.

### PROGRAMA

- Novidades da Lei 9/2017, de contratos do sector público (ámbito obxectivo, subxectivo, estrutura e principais novidades). Aplicación da Lei de contratos do sector público no ámbito dos PANAP.
- Os novos procedementos de adxudicación, con especial atención ao contrato menor. Novos límites e restricións. Aplicabilidade do artigo 118 e a racionalización da contratación.
- Os tipos de contratos. O prazo dos contratos: duración e prórrogas.
- O obxecto do contrato. Novidades respecto á configuración do obxecto do contrato, valor estimado e prezo. Fraccionamento do contrato. A regulación da división obrigatoria en lotes e os seus efectos.
- A preparación e a adxudicación de contratos. Regras para a adxudicación do contrato. Criterios de adxudicación. Novidades.
- A solvencia técnica e económica. Prohibición de contratar. Especial referencia á preparación do documento europeo único de contratación (DEUC).
- A compra pública estratéxica.
- O recurso especial.
- A intervención do Consello Consultivo de Galicia na nulidade, resolución e modificación

dos contratos celebrados por PANAP.

– A contratación electrónica e a transparencia. Medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT) na contratación pública. Especial referencia á plataforma de contratación (CPG) e ao Rexistro de contratos do sector público.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

### DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Todas as persoas solicitantes deberán enviar un correo electrónico a [novas.egap@xunta.gal](mailto:novas.egap@xunta.gal), achegando a certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos no punto 3. Serán excluídas aquelas solicitudes que non acompañen a dita certificación ou que sexa recibida con posterioridade ao último día habilitado para a inscrición, isto é, 3 de decembro de 2018.

## 3. DATOS EDICIÓNS

### SANTIAGO

**LOCALIDADE:** Santiago de Compostela

**INICIO / FIN:** 12/12/2018 a 19/12/2018

**NUM. PRAZAS:** 30

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

### DOCENTES NOMEADOS

PATRICIA IGLESIAS REY

ELENA BARBA PAN

JOSÉ MANUEL ROMERO GARCÍA

M<sup>a</sup> ÁNGELES INMACULAD TOMÁS SÁNCHEZ

FRANCISCO TOMAS COUSO GONZALEZ

SANTIAGO VALENCIA VILA

JOSÉ ÁNGEL OREIRO ROMAR

### LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

**AULA 10:** O día 17 de decembro de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

**AULA 11:** Os días 12, 13, 18 e 19 de decembro de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

EGAP